

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15002591	IES Monte Neme	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmprese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación. Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. O currículo da materia de Relixión Católica é o resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria. O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de re-imaginar o futuro da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde ós desafíos da educación neste século XXI.

Facilítase unha aprendizaxe competencial dos contidos aprendidos, de maneira que as aprendizaxes sexan útiles para a vida dos alumnos, contribuíndo á súa formación integral e á súa inserción social.

A abordaxe dos contidos faise a través de actividades que susciten o interese dos alumnos, que promovan o diálogo e que buscan expor cuestións que fagan reflexionar sobre os grandes interrogantes vitais. Antes de abordar os novos contidos detéctanse os coñecementos previos do alumnado.

O proxecto é modular e flexible o que permite a creación de itinerarios de aprendizaxe que se adaptan ás particulares do novo currículo. Baséase no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), para definir as situacións de aprendizaxe, os retos, os escenarios cooperativos, as estratexias de pensamento, facendo accesible a aprendizaxe a todos os alumnos.

A presente programación levarase a cabo no IES Monte Neme de Carballo. O centro está situado na Rúa Nacente, a 2 quilómetros aproximadamente do centro de Carballo, preto da parroquia de Sísamo. O barrio é amplo, a este Instituto están adscritos o CEIP A Gándara de Sofán e o CEIP A Cristina, situado cerca do Instituto. O IES Monte Neme sitúase nun contexto urbano pero recibe alumnado do entorno rural da localidade, polo tanto convive alumnado de ambos ámbitos, urbano e rural. A media do poder adquisitivo e educativo na localidade é mediobaixo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do ¿Reino de Deus¿, para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	. As miñas pertenzas	Todas as persoas necesitamos raíces, pertenzas, que contribúen a conformar a nosa identidade. Esta situación de aprendizaxe pretende que o alumno identifique, recoñeza e valore a súa propia rede de vínculos constitutivos.	12	5	X		
2	Atoparse e recoñecerse	Todas as persoas necesitan saberse significativas para alguén. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos comprenderán a importancia de relacións auténticas para ir conformando a identidade persoal.	12	4	X		
3	Ao encontro dos demais	Todas as persoas temos os mesmos dereitos e dignidade e una identidade propia, que para os cristiáns provén de ser creados por Deus. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán a igual dignidade todos os seres humanos e a responsabilidade do coidado da Casa común.	12	4	X		
4	Ritos e costumes	Todas as persoas e culturas temos una serie de ritos e costumes coa que expresamos a nosa identidade cultural. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que, a pesar de a diversidade de ritos, pola súa forza simbólica, serven para expresar actitudes profundas cara a un mesmo, os demais ou Deus.	12	4		X	
5	Encontros que se narran	O ser humano comunícase, consigo mesmo e cos demais, a través da palabra. Da mesma maneira Deus comunícase co ser humano a través da natureza, no interior de cada ser humano e a través do texto bíblico. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán o valor da palabra, para o encontro cos demais e con Deus.	12	4		X	
6	A cultura, lugar de encontro	Todas as relacións que establecemos as persoas veñen determinadas pola mediación cultural. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que as expresións artísticas e culturas son una posibilidade de encontro cun mesmo, cos outros e con Deus.	12	4		X	
7	O encontro con Xesús	Na biografía de cada persoa prodúcese encontros que nos impactan ou que nos transforman. Os encontros con Xesús tiñan esa capacidade. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que os encontros con Xesús eran consecuencia da	14	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	O encontro con Xesús	súa relación con Deus e como o seguimento cristián, tamén na actualidade fundaméntase no encontro con Xesús.	14	5			X
8	Unha Igrexa que sae ao encontro	Necesitamos do encontro cos outros para noso dearrrollo persoal. A Igrexa, cumprindo o mandato de Xesús, debe prestar máis tención ás persoas excluídas. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán, seguindo o exemplo de Xesús, a importancia de saír ao encontro das persoas necesitadas.	14	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	. As miñas pertenzas	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Descobre que Xesús participou en diferentes grupos e identifica aos membros do grupo dos Apóstolos.	PE	30
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Identifica os lugares asociados á vida e misión de Xesús, recoñece a presenza do relixioso en tempos de Jesús e seleccionar os datos biográficos que axudan a recoñecer a Xesús.		
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Relaciona o sentimento de pertenza co vínculo que establecemos cun grupo de persoas e a influencia na identidade persoal e reflexiona sobre a autoimágen que ten de si.	TI	70
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Expresa a importancia do lugar de residencia na construción da identidade persoal e imaxina que contornas resultan máis humanizadores.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Establece a relación entre experiencias vitais e a pregunta polo sentido.		
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Identifica a diversidade relixiosa e cultural presente no seu grupo-clase e considera a proporción de persoas que profesan una relixión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palavra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade. - A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.

UD	Título da UD	Duración
2	Atoparse e recoñecerse	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Comprende a importancia do respecto e de establecer normas para a mellora da convivencia e extrae conclusións sobre a ecodependencia do ser humano á luz da ecoloxía integral e do relato da Xénese	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Relaciona o autoconceito e a percepción que os outros teñen dun mesmo coa identidade persoal	TI	70
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Descobre, na tradición bíblica, a relación entre o nome propio coa vocación persoal e identifica o mandamento do amor como norma relacional cun mesmo e cos demais		
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Recoñecer na iniciativa dun Deus que salgue ao encontro redentor a orixe da historia da salvación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
3	Ao encontro dos demais	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Relaciona a dignidade, igual en todos os seres humanos, na creación a imaxe e semellanza de Deus	PE	30
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Identifica os lugares asociados á vida e misión de Xesús		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Extrae conclusións, en diálogo coa ciencia, sobre importancia do coidado da natureza e coñece o maxisterio da Igrexa sobre a ecoloxía integral a partir da encíclica Laudato Si?	TI	70
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Valora a diversidade persoal, racial e cultural recoñecendo a igual dignidade de todos os seres humanos e comprende o alcance e significado antropolóxico, social e teolóxico dos encontros de Xesús		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Recoñece na fraternidad universal, que se segue da filiación divina, a razón eclesial pola que, a pesar da diversidade, todos pertencemos a unha familia común		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Descobre a importancia da oración e o coidado da interioridade na misión de Xesús		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Profunda, a partir da creación do ser humano, no diálogo ciencia-fe		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica.

Contidos

- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas.
- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
4	Ritos e costumes	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Sabe o significado dalgúns ritos e oracións propias do cristianismo e coñece os símbolos dos sacramentos a súa orixe e o significados bíblicos dalgúns xestos	PE	30
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Relaciona o modo de vida dos monxes coa experiencia espiritual que o sustenta e identifica o sentido cristián da oración	TI	70
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Coñece os diferentes tipos de ritos, comúns ás relixións, e exemplos de celebracións de diferentes confesións		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Descobre o comportamento de Xesús respecto das normas e ritos do pobo de Israel.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.
- A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos.
- Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.
- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.
- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.
- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade. - A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.

UD	Título da UD	Duración
5	Encontros que se narran	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Analiza como o encontro persoal con Jesús transforma ás persoas	PE	30
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Relaciona as narracións, orais e escritas, nos seus xéneros literarios, como transmisoras da identidade, cultura e cosmovisión relixiosa entre persoas e xeracións		
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Entende a posibilidade da relación e a comunicación con Deus como dimensión fundamental no ser humano	TI	70
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Comprende a importancia da comunicación e a escoita para o desenvolvemento personal e descubre como a tradición bíblica e o Maxisterio de Igrexa comprenden a natureza como manifestación de Deus		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Comprende o sentimento relixioso que suscita a contemplación da natureza		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece a Biblia, como expresión da comunicación e relación de Deus co pobo de Israel e o ser humano e identifica a *Xesucristo como a comunicación definitiva de Deus		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Profunda, á mantenta do coidado da natureza, no diálogo ciencia-fe		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
